



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 16 de agosto de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 8 de agosto de 2018.
2. Concédese licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Mogor, parcela 368, polígono 28, Marín.
3. Concédese licenza de obras para acondicionamento interior para cambio de uso de trasteiro a vivenda en Ezequiel Massoni, nº 45, Ático A, Marín.
4. Apróbase o expediente de contratación das obras de “Humanización da rúa Concepción Arenal, entre rúa José Trasande e rúa Real de Cantodarea. Marín”, cun orzamento base de licitación de 572.944,39 euros, excluído o IVE, cofinanciado nun 80 % mediante o convenio de colaboración, de data 28/03/2018, asinado entre o Concello de Marín e a Axencia Galega de Infraestruturas para o acondicionamento da rúa Concepción Arenal, tamén denominada estrada PO-546, e a transferencia de titularidade do treito urbano de dita estrada autonómica.
5. Apróbase o expediente de contratación das obras de “Pavimentación e mellora do vial Camiño de Raposeiras”, cun orzamento base de licitación de 44.762,13 euros, excluído o IVE, cofinanciado nun 60 % con cargo á subvención concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por importe de 32.497,31 euros, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018.
6. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 49.168,36 euros, pola Deputación de Pontevedra, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, con destino ó financiamento das obras de “Mellora e renovación do alumeadado público exterior A Brea-Ameal”.
7. Dáse conta da publicación de subvencións concedidas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con destino ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos, entre eles o Concello de Marín, por importe de 2.058,16 euros.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Adxudícase o contrato de obras de “Humanización da rúa Inferniño, entre camiño Cemiterio Vello e rúa Concepción Arenal” á empresa “Oresa, S.L”, por importe de 175.606,80 euros, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300024CFB00M3R0C3W6E5U1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190150779
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 09/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/01/2019 14:51:58	Fecha: 09/01/2019 Hora: 14:51

